

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de xullo de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 32731 (10/CPC-000058)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

Punto 2. Preguntas

- 2.1 31058 (10/POC-004906)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a fase de tramitación na que se atopa o expediente de concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, así como o prazo previsto para o inicio dos traballos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018
- 2.2 31633 (10/POC-004982)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o balance e os datos do Goberno galego referidos ás actuacións de limpeza levadas a cabo polos concellos nas faixas secundarias de seguridade e protección contra os lumes, as achegas orzamentarias realizadas pola Xunta de Galicia para eses labores e os principais impedimentos atopados polas entidades locais para a posta en práctica das instrucións da Consellería do Medio Rural ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 29446 (10/PNC-002341)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos casos de falsos positivos en tuberculose e positivos confirmados que se están a producir nas probas para o control sanitario do gando vacún, así como o baremo utilizado para indemnizar os gandeiros e gandeiras

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

3.2 31810 (10/PNC-002585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a investigación no ámbito gandeiro e incrementar a formación dos gandeiros, así como a renovación do convenio asinado con Xenética Fontao, S. A. para o desenvolvemento do programa de mellora xenética da raza frisona galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emenda ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo, na data 29/06/2018 10:26:23

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día


1.1 32731(10/CPC-000058)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes -do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para informar da **"creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Autorizado por: GARCIA, SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Dirección Xeral
Data e hora: 22/06/2018 09:29:18

CVE: Y0BOYEF86
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 05.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 31058(10/POC-004906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a fase de tramitación na que se atopa o expediente de concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, así como o prazo previsto para o inicio dos traballos

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31058
Data envío: 16/05/2018 14:06:50.693



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A Consellería do Medio Rural fixo a exposición pública correspondente á concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, no mes de decembro. A documentación e a planimetría foron elaboradas pola empresa TOPONORT, SA.

Pasados máis de oito anos desde a exposición e sen que se teña ningunha noticia sobre o avance da dita concentración, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que fase da tramitación se atopa este expediente de concentración parcelaria?

2ª) Cando se van comezar as obras de parcelamento na parroquia de San Román, concello de Santiso?

Pazo do Parlamentario, 16 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/05/2018 14:04:42

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/05/2018 14:04:49

José Antonio Quiroga Díaz na data 16/05/2018 14:05:00

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 31633(10/POC-004982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o balance e os datos do Goberno galego referidos ás actuacións de limpeza levadas a cabo polos concellos nas faixas secundarias de seguridade e protección contra os lumes, as achegas orzamentarias realizadas pola Xunta de Galicia para eses labores e os principais impedimentos atopados polas entidades locais para a posta en práctica das instrucións da Consellería do Medio Rural ao respecto

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 17:00
Nº Rexistro: 31633
Data envío: 30/05/2018 17:00:52.509

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 31 deste mes de maio remata o prazo dado polo Goberno galego para a xestión das faixas de seguridade e xestión de biomasa. O plan de actuacións en faixas secundarias fai recaer nos concellos a totalidade da carga destas medidas.

Diciamos nunha iniciativa debatida na Comisión 7ª o 20 de abril pasado que:

"Non pode, como pretende o Goberno galego, facer descansar no "voluntarismo" dos concellos (dados os limitados medios e recursos reais que teñen) a prevención de incendios forestais no contorno dos núcleos e vivendas habitadas e actuar contra o abandono de fincas próximas ás vivendas; senón que ha de depender dun deseño planificado, programado e con medios técnicos adecuados que permita ademais consolidar unha acción sostida para protexer os núcleos habitados".

Advertiamos tamén da necesidade de establecer mecanismos directos e estables de colaboración entre os concellos e o persoal técnico dos distritos para levar a termo de inmediato unha planificación das actuacións preventivas con base na información de risco que teñen ambas as dúas administracións, a fin de que os concellos teñan ademais unha guía de actuación consonte prioridades predefinidas con base en criterios técnicos solventes.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 17:00
Nº Rexistro: 31633

Data envío: 30/05/2018 17:00:52.509

Chamabamos a atención tamén da imposibilidade de parte da maioría dos concellos galegos de poder levar a cabo estes labores baixo risco de provocar un colapso na administración local se a Xunta non poñía a disposición dos mesmos os medios humanos e orzamentarios necesarios para tal labor.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é o balance de actuacións feitas, número de hectáreas sobre as que se actuou subsidiariamente e número de hectáreas que foron limpas voluntariamente?

-Cal foi a aportación orzamentaria ós concellos de parte da Xunta para este labor?

-Cales foron os principais impedimentos con que se atoparon os concellos á hora de poñer en práctica as instrucións dadas desde a Consellería de Medio rural ó respecto?

-Que ten previsto facer a Xunta de Galicia para continuar con este labor?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 17:00
Nº Rexistro: 31633
Data envío: 30/05/2018 17:00:52.509

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/05/2018 16:59:13

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2018 16:59:17

Ana Pontón Mondelo na data 30/05/2018 16:59:21

Olalla Rodil Fernández na data 30/05/2018 16:59:23

Noa Presas Bergantiños na data 30/05/2018 16:59:24

Xosé Luis Bará Torres na data 30/05/2018 16:59:25

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 29446(10/PNC-002341)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos casos de falsos positivos en tuberculose e positivos confirmados que se están a producir nas probas para o control sanitario do gando vacún, así como o baremo utilizado para indemnizar os gandeiros e gandeiras

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, sobre os falsos casos de positivos en tuberculose no gando vacún.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nestes últimos meses están a xurdir varios casos de positividade por tuberculose en gando vacún nos concellos da Comarca do Deza, ou nas comarcas do Macizo Central ourensán.

O protocolo sanitario establece que estes animais deben de ser sacrificados a partires da primeira análise que reflicta posibilidade de contaxio, incluíndo os “positivos dubidosos”. Namentres, a única proba que certifica cen por cen a presenza de tuberculose no gando é a proba post mortem. Unha vez realizada esta e certificando que o animal estaba en boas condicións, atopámonos con que o gandeiro ou gandeira perderon un 60% do valor do animal.

Segundo vimos observando dende En Marea, só nunha mínima parte destes casos a proba post mortem corrobora a existencia de tuberculose.

Tamén temos que por de manifesto a incongruencia de que para un recurso de alzada contra o resultado pode pasar un mes, namentres o expediente obriga a



finalizar o proceso en 15 días, podendo o ou a gandeira confrontarse a multas que van dende os 3.000 e os 60.000 euros.

Cómpre levar ao extremo o control sanitario do noso gando, e iso habería de incluír a aplicación de probas realmente fiábeis para a detección das posíbeis enfermidades e non movernos nos casos de “supostos”, que en numerosas ocasións acaban supoñendo unha perda económica inxusta para as explotacións, nomeadamente do sector lácteo, agravando inda máis a actual situación.

Detectamos dende En Marea a necesidade do establecemento de procedementos de control sanitario rigorosos para manter nas mellores condicións sanitarias a nosa cabana gandeira.

Consideramos que antes de levar a cabo o sacrificio das vacas haberíase de establecer medidas exhaustivas de control sanitario destes animais co obxectivo de confirmar se verdadeiramente están enfermos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Suspende a marcade e o posterior sacrificio dos animais que deron positivo “dubidoso” en canto non se acade un novo protocolo de actuación por parte da consellería e do responsable de sanidade animal.
2. Realizar novas probas, dado que non se están a facer correctamente en moito casos, e que ademais temos constancia de que só o 0,01 dos casos de vacas dubidosas de tuberculose dá positivo na análise post mortem, o que demostra a escasa fiabilidade das probas actuais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 16:57
Nº Registro: 29446
Data envío: 16/04/2018 16:57:43.047



3. No caso que se confirmen as vacas positivas, solicitamos que se lle dea a posibilidade ao/á gandeiro/a de elixir o tipo de sacrificio (selectivo ou baleirado) e coas mesmas indemnizacións (indemnización por animal sacrificado e lucro cesante).

4. Que no baremo que se usa para indemnizar os animais se teñan en conta, ademais da idade, tipo de animal, xenética, raza, tipo de explotación –intensiva, extensiva ou ecolóxica.

5. Cubrir os gastos de desprazamento dos animais dentro das axudas a os custes, xa que esta, non deixa de ser unha obriga imposta de sacrificio aínda que despois dea negativo en matadoiro.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 16:57
Nº Rexistro: 29446
Data envío: 16/04/2018 16:57:43.047



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 16/04/2018 16:56:40

Luis Villares Naveira na data 16/04/2018 16:56:54

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 31810(10/PNC-002585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a investigación no ámbito gandeiro e incrementar a formación dos gandeiros, así como a renovación do convenio asinado con Xenética Fontao, S. A. para o desenvolvemento do programa de mellora xenética da raza frisona galega

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31810
Data envío: 01/06/2018 14:04:57.360

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo** e **Carlos Gómez Salgado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

O leite en Galicia é dunha calidade suprema. Partindo desta base, desde o Grupo Parlamentario Popular estamos convencidos que seguir a investigar debe ser o camiño a trazar.

A maior porcentaxe de comercialización dos produtos lácteos en Galicia é a venda de leite líquido, pero temos que darnos conta que se queremos darlle valor engadido aos nosos produtos é preciso camiñar na súa transformación.

Para isto é necesario investigar e que exista unha colaboracións entre institucións e produtores para buscar resultados óptimos do produto.

As calidades medias do leite producido en España móvense entre o 3,7% - 4% de graxa e o 3,1% - 3,3% de proteína, en consonancia cun sector industrial maioritariamente orientado ata agora cara o envasado de leite líquido.

Sen embargo, aumentar un 0,2 puntos a porcentaxe de graxa e de proteína e o tipo de proteína do leite, pode mellorar o seu rendemento queixeiro o que significa que poderíamos ter o mellor leite para produtos derivados do mesmo. Por exemplo, na raza



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31810
Data envío: 01/06/2018 14:04:57.360

holstein dáse un 3,60% de graxa e un 3,15% de proteína; na jersey un 4,80 de graxa e un 3,80 de proteína; e no pardo suízo un 4% de graxa e un 3,50% de proteína.

Polo tanto, se estamos a falar de que queremos transformar o produto seguramente a reflexión nos leva a que é necesario facer un asesoramento directo ao gandeiro.

Deste xeito se expresaba tamén o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 e no que se aludía expresamente a compromisos como “Impulsar a formación e profesionalización dos gandeiros para acadar maior rendibilidade nas explotacións” ou “Apostar polos centros de investigación e laboratorios agroforestais, para que sigan sendo centros de referencia en canto á prestación de servizos e no que se refire á transferencia dos resultados de investigación ao conxunto do sector agroforestal”.

Neste senso, xenética, alimentación e investigación son palabras clave para seguir avanzando e, así, transformar o produto lácteo para darlle o impulso necesario ao sector lácteo.

En relación ao descrito ata agora, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario que se siga a traballar nos seguintes eixos:

- Seguir a apostar polo Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para obter resultados clave despois dun importante proceso de análise e investigación.
- Continuar impulsando a formación directa aos gandeiros a través dos centros de formación e experimentación de Sergude, Becerreá, Monforte de Lemos, e “Pedro Murias” (Ribadeo), e seguir a impulsar a investigación a través do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo que é o claro exemplo de sacar bos resultados que nos din con total claridade que forraxes de boa calidade se

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31810
Data envío: 01/06/2018 14:04:57.360

traducen nun leite de calidade na venta en líquido, polo que é necesario seguir avanzando nunha boa alimentación.

- Traballar no impulso de Xenética Fontao, S.A. xa que a xenética é o piar fundamental para obter un leite de calidade. Seguir avanzando na xenética significa investigar nas distintas razas de produción de leite a través de diferentes procesos xenéticos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reforzar a investigación, no ámbito gandeiro, a través do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) e do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.
- 2.- Incrementar a formación aos gandeiros a través dos centros de formación e experimentación agroforestal de Sergude, Becerreá, Monforte de Lemos e “Pedro Murias” (Ribadeo).
- 3.- Renovación convenio con Xenética Fontao, S.A. para o plan de mellora xenética para o Frisón de Galicia”.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/06/2018 12:54:12

Daniel Vega Pérez na data 01/06/2018 12:54:22

José González Vázquez na data 01/06/2018 12:54:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31810
Data envío: 01/06/2018 14:04:57.360**

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/06/2018 12:54:42

Raquel Arias Rodríguez na data 01/06/2018 12:54:49

Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/06/2018 12:54:57

Moisés Blanco Paradelo na data 01/06/2018 12:55:04

Carlos Gómez Salgado na data 01/06/2018 12:55:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com